


MIQUI OTERO

Xoves 26 de novembro, 20:00 h.
Fundación Luis Seoane

Miqui Otero naceu en Barcelona en 1980, fillo de pais galegos. Debutou coa novela **Hilo musical** (Alpha Decay, 2010), premio Nuevo Talento FNAC, e dous anos máis tarde chegou **La cápsula del tiempo** (Blackie Books, 2012), que foi elixido libro do ano en Rockdelux e entrou na lista dos dez mellores de cabeceiras como ABC. Escribiu en medios como El País e Cultura/s La Vanguardia, ten unha columna semanal en El Periódico, colabora en Rac 1 e Onda Cero e é profesor de periodismo e literatura na UAB e na ESCAL. Con **Rayos** (Blackie Books, 2016) consolidouse como unha das voces máis sobresaíntes e imaxinativas do panorama literario español. Agora, con **Simón** (Blackie Books, 2020), acada a súa novela máis ambiciosa, máis terra e reivindicativa.

SIMÓN (Blackie Books, 2020)

A Simón gustaríalle vivir cen libros, pensa que só así vivirá cen vidas. E ten fame de vivir, de saír do bar no que crece e do que desaparece Rico, o seu curmán, o seu mellor amigo. Simón vive neste libro e non sabe que é o que lle deparan as súas páxinas. A súa historia irá saltando de decorado en decorado. Simón non entende á súa familia, e cando sae ao mundo entende aínda menos, só quere atopar ao seu curmán e que lle explique en que consiste vivir. Simón é unha novela en continuo movemento, ningunha das súas partes é idéntica. O despregue de puntos de vista e focos narrativos sorprende polo certo e ben construído, e os interrogantes que irá sementando no lector iranse resolvendo no momento axeitado.



Somos o que
LEAMOS
Encontros coa literatura contemporánea
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

Entrada gratuíta. Aforo limitado, previa reserva no teléfono 981 216 015